

PRESENTACIÓN DO VÍDEO: BIOLOXIA DA LAMPREA DE MAR (*Petromyzon marinus*) E A SÚA PESCA NO RÍO MINHO

Manuel E. Garci

Bioimaxe

garci@galicia.com

RESUMO

BIOLOXÍA: As lampreas son vertebrados acuáticos pertencentes á Orde Petromyzontiformes que habitan na terra dende polo menos fai uns 280-310 millóns de anos. Caracterízanse polo seu corpo angüiliforme, boca circular, a presenza de orificios branquiais e pola ausencia de mandíbulas, aletas pares e escamas. O tamaño dos individuos adultos da lamprea mariña oscila entre os 80-90 cm de lonxitude total media e os 1 e 1.4 Kg de peso.

CICLO VITAL: A lamprea mariña é unha especie anádroma, cunha fase larvaria desprovista de dentes e ollos e que se alimenta por filtración de detritus e microorganismos presentes na auga e o sedimento. Despois de 4-6 anos no río, as larvas o ammocetes sofren unha metamorfose, sofren cambios morfolóxicos e fisiolóxicos drásticos, como a aparición dos ollos e os dentes ou a capacidade de osmorregulación no medio mariño, que permiten aos mozos postmetamórficos migrar cara ao mar e cambiar a alimentación microfágica filtradora propia da larva por unha alimentación hematófaga.

A PESCA DE LAMPREA EN GALICIA

A alimentación da lamprea fai que sexa dos poucos peixes que non entra ao engano do anzol, por tanto a única maneira de pescalo é mediante redes ou trampas.

A provincia de Pontevedra é a única en España onde a pesca de lamprea está regulada. As poboacións de lamprea do Arco Artabaro e do Cantábrico están catalogadas como vulnerables no Catalogo Galego de Especies Amezadas (Decreto 88/2007), e polo tanto non se autoriza a súa pesca. Esta actividade levase a cabo nos ríos Ulla e Miño, incluíndo o seu afluente o río Tea, utilizando cinco métodos distintos:

- 1) En embarcacións por pescadores profesionais na desembocadura do río Miño empregando redes de 3 mallas e trasmallos.
- 2) Pesqueiras: En zonas máis altas nas pesqueira. Unhas 30 no Ulla e ao redor de 200 operativas no Miño das 800 existentes historicamente.
- 3) No río Tea, entre Salvaterra e Ponteareas, utilízanse unhas 50 estacadas que se estenden ata a metade do río. Estas estacadas, con luz artificial, permiten a pesca nocturna de lampreas mediante unha fisga.